

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA- PÁX.1

Organismo: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

### SUMARIO:

RESOLUCIÓN do 2 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación, convocado pola Orde do 3 de novembro de 2017 (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro).

### TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

En aplicación do disposto na base décimo sexta da Orde do 3 de novembro de 2017 (DOG do 14 de novembro), pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

### RESOLVE:

Primeiro. Facer pública, como anexo I a esta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de traslados específico convocado pola citada orde.

Segundo. Publicar a relación definitiva de excluídos no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro. O persoal que resulte adxudicatario, ademais de prestar servizos no centro base indicado no anexo I desta resolución, está obrigado a desprazarse aos centros compartidos e aos centros adscritos que, no seu caso, foran incluídos nos anexos II e III da antedita orde de convocatoria.

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA- PÁX.2

Ademais, de conformidade coa base décimo oitava da Orde do 3 de novembro de 2017, deberá desprazarse aos centros que se poidan adscribir, segundo o establecido no Decreto 120/1998, do 23 de abril.

Cuarto. A toma de posesión dos destinos acadados neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2018, e o cesamento no seu destino de procedencia o 31 de agosto deste ano.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa de acordo co disposto no artigo 4 da Lei galega 6/2001, do 29 de xuño, o persoal interesado poderá formular, con carácter postestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende a mesma data, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

INSÍRASE NO DOG